


NORMAS DO BO GOBERNO DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON E PENTATLON MODERNO.

- 1.- Orixe das normas do bo goberno.** As seguintes normas e instrucións formulanse en cumprimento da Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas do bo goberno das federacións deportivas de Galicia.
- 2. obxecto.** O fin último destas normas é garantir a máis eficaz e transparente xestión por parte dos principais suxeitos da actividade deportiva.
- 3. Ambito de aplicación.** As presentes normas afectan ó control e xestión económica da federación, con independencia da procedencia, pública ou privada, dos fondos que reciba.
- 4. Entrada en vigor.** A partir da aprobación por parte da Asamblea Xeral, estas normas son de obrigado cumprimento por parte de todos os suxeitos pertencentes á federación así coma dos axentes colaboradores.

Capítulo 1 NORMAS DE CARACTER XERAL. ORGANOS DE GOBERNO.

PRIMEIRO.-Os membros dos órganos de goberno e representación das federacións actuarán con lealdade respecto á federación e comprometeranse a:

- Non utilizar en beneficio propio nin facilitar a terceiros os datos ou información que obteñan no desempeño do seu cargo.
- Absterse de intervir en deliberacións e votacións sobre cuestións nas que puidesen ter un interese particular.
- Non facer uso indebido do patrimonio federativo nin valerse da súa posición para obter vantaxes patrimoniais.
- Remitir aos membros da Asamblea xeral, polo menos cunha semana de antelación á realización das reunións, copia de toda documentación contable subxacente a xestión económica da federación.
- Facilitar na súa memoria económica a información relativa ás retribucións en diñeiro ou en especie satisfeitas, de ser o caso, aos membros dos órganos de goberno da federación.
- Facilitar información sobre o volume de transaccións económicas que a federación manteña cos seus membros ou terceiros involucrados con eles.
- Non aproveitarse das oportunidades de negocio que coñezan na súa condición de membros da federación.
- Facilitar cantos datos e informes técnico-deportivos se soliciten desde a Administración deportiva autonómica.



Handwritten signature and red circular stamp of the Xunta de Galicia.

Capítulo 2.- SISTEMA ORZAMENTARIO E XESTIÓN.

Primeiro.- Os órganos de goberno elaborarán nos tres últimos meses de cada exercicio o orzamento de gastos e ingresos do exercicio seguinte. Neste intre, enténdese por orzamento o documento que recolle de maneira cifrada, conxunta e sistemática, a previsión de gastos orzamentarios da federación para o exercicio seguinte, a da súa aprobación así coma os ingresos previstos con que se sufragarán os gastos orzamentarios

Segundo.- Xunto co orzamento, acompañarase a preceptiva memoria explicativa.

Terceiro.- Asimesmo executado o orzamento de cada ano, os membros dos órganos de goberno, presentará a liquidación do mesmo, aportando explicación razoada sobre as desviacións producidas con respecto ó aprobado e o executado. Mostraranse separadamente para cada epígrafe, os importe previstos, os realizados, e por diferenza as desviacións producidas, informando sobre as causas destas desviacións e a consecución dos obxectivos da federación.

Carto.- No presuposto recolleranse separadamente os gastos e ingresos presupostados, empregando as distintas partidas das contas anuais, según se trate de operación de funcionamento ou de inversións.

Quinto.- Os gastos e ingresos presupostados expresaranse en termos de importes a devengar, aplicando concretamente o principio de devengo e de rexistro que establece o Novo Plan Xeral de Contabilidade.

Capítulo 3. SISTEMA DE AUTORIZACIÓN DE OPERACIONES ECONOMICAS E FINANCEIRAS.

Primeiro.- Os axentes colaboradores da federación implicados na organización de eventos deportivos previa a consecución do gasto, presentaran a oportuna solicitude, onde constará o motivo, persoas ou colectivo afectados, importe previsto, data e calquera outra circunstancia relevante. A tal efecto, o modelo de solicitude corresponde co anexo 1 adxunto.

Segundo.- Non se aboará ningún gasto que non conte coa oportuna solicitude e autorización.

Terceiro.- Para a xustificación dos gastos realizados aportarase, sempre que sexa posible, a factura orixinal a nome da federación.

Cuarto.- A autorización de gasto ata a cantidade de **2.600,00€** podera ser asinada indistintamente tanto pola/o secretaria/o ou polo/a presidente/a da federación. Para importe maiores, e ata a cantidade de **12.000,00 €** requirirase a sinatura conxunta da/o secretaria/o e o/a presidente/a. Outros importes superiores requirirase a aprobación, previa inclusión na orde do día, da Xunta directiva, constando na acta que se levantara o termo da reunión a autorización ou non no devandito gasto.

Quinto.- Para compras superiores á cantidade de **24.000€** solicitarase un mínimo de tres ofertas, que serán valoradas en Xunta Directiva.

A handwritten signature in black ink is written over a red rectangular stamp. The stamp contains the text 'XUNTA DIRECTIVA' in a bold, sans-serif font. The signature is fluid and cursive, extending across the width of the stamp.

Capítulo 4.- SEGREGACIÓN DE FUNCIONS.

Primeiro.- Un adecuado mecanismo de control interno fai necesario un sistema de segregación de funcións de xeito que unha mesma persoa non participe en tódalas fases dunha transacción. Por tanto e coma norma xeral a persoa que solicite un determinado gasto, non pode ser quen autorice. Asimesmo o rexistro contable da transacción correrá a cargo de persoa distinta da que fixo gasto

Capítulo 5.- PROCEDEMENTOS SOBRE O TRATAMENTO DA INFORMACIÓN, DOCUMENTACIÓN CONTABLE E ARQUIVO.

Primeiro.- O soporte documental de cada transacción será a correspondente factura oficial e orixinal emitida polo proveedor a nome da federación.

Segundo.- Xunto coa factura archivarase o modelo de solicitude de gasto (anexo 1) e a oportuna autorización, identificando a persoa que autoriza, asimismo adxuntarase o documento xustificativo do pago o do ingreso.

Terceiro.- O arquivo destes documentos farase por conceptos (Proveedores, clientes, colaboradores, etc..) e, ben por orden alfabético, ou por datas de realización.

Cuarto.- Referente as compras de elementos de inmovilizado, levarase un arquivo independente que soporte toda a documentación das adquisicións dos elementos que compoñan o Inmovilizado. Este arquivo levarao unha persoa designada pola federación, da área contable.

O arquivo incluírá fichas individualizadas onde conste a súa descrición, código contable asignado, data de adquisición, prezo de adquisición, estimación da vida útil, coeficiente de amortización a aplicar, ubicación física e forma de adquisición (subvencións, financiación allea, contado,...). Nesta ficha apuntarase a dotación a amortización do exercicio e a súa amortización acumulada.

Quinto.- A información relevante e non sustituible (escrituras, actas, inscrición nos distintos rexistros, etc..) non debe sair dos arquivos centrais da federación, no seu lugar utilizaranse copias autenticadas.


Asimesmo, cada vez que se utilice documentación interna para a presentación de solicitudes de subvenciones, negociacións con entidades de creto u outras situacións análogas deberá devolverse ós arquivos da federación, á persoa encargada da súa levanza, e realizar un cotexo de todo o presentado para contrastalo coa documentación retornada ademais de levar un rexistro de entradas e saídas especificando o motivo.

Capítulo sexto. OUTRAS NORMAS DE CARÁCTER XERAL

Primeiro.- A federación facilitará coa debida antelación á Administración deportiva autonómica toda información concerniente a actuacións promovidas por elas que teña proxección pública, tanto si se refire a actividades de promoción xenérica da correspondente modalidade deportiva, coma si se refire a actos ou presentacións públicas de eventos ou actividades deportivas concretas.

En todas estas actuacións, as federacións velarán por garantir a correcta utilización da imaxe corporativa da Administración Deportiva Autonómica, de acordo coas instrucións que esta facilite.


Segundo.- A federación cumprirá e fará cumprir aos seus directivos, deportistas, técnicos, xuíces e árbitros, e a cantas persoas se integren nela, o Código de ética



deportiva aprobado polo Consello de Europa, así coma o seguinte decálogo de conduta deportiva:

1. A deportividade e o xogo limpo.
2. O respecto ao adversario.
3. O rexeitamento de toda forma de violencia.
4. A loita contra a dopaxe.
5. O fomento de hábitos de vida saudables, especialmente entre os máis novos.
6. O respecto á diferenza e a multiculturalidade.
7. A loita contra calquera discriminación, independentemente da súa orixe ou causa.
8. O fomento da igualdade de xénero e dos comportamentos dignificantes do ser humano.
9. A protección do medio.
10. A loita contra toda forma de adulteración do xogo.

.En Lugo a 28 de abril de 2010

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Lino'.The logo of the Federación Galega de Triatlón (FGE) is shown in red, featuring a stylized 'FGE' and the text 'FEDERACIÓN GALEGA de TRIATLÓN'. Overlaid on the logo is a handwritten signature in blue ink.

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON PENTATLON MODERNO.

Sendo as 20:30 horas do 30 de abril de 2010, comeza a Asemblea Xeral extraordinaria da Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno en 2ª convocatoria, cos seguintes asistentes:

- Francisco Villanueva González. Presidente.
- Mónica Flores Ferreiro. Secretaría Xeral.
- Representante do Club Triatlón Galaico. Ramiro Castro.
- Representante do Club de Pentatlón Fefeme Triatlón.- José Fernández Piñeiro
- Representante de Xuíces: Miguel Alejandro Fernández
- Representantes de deportistas: Adrián Vázquez
- Representante de organizadores- Francisco Rodríguez Balsa T. Egovarros.
- Asisten tamén sen voto, previa autorización da Federación, os representantes do Club Atletismo Porriño (Alfonso Conde), Mª Angeles Otero Trigo da Xunta Directiva e Alejandro Lamela como Asesor Contable da Federación.

- Orde do día:

1- Aprobación da acta da asemblea anterior.

A acta reenviada ós membros da asemblea previamente, procedese á súa lectura e á votación. Aprobase por unanimidade.

2- Balance Económico 2009

O presidente expón ós asembleístas que as contas xa pasaron o correspondente proceso de auditoría requerido pola Secretaría Xeral para o Deporte, dando un resultando positivo de cuxo informe se fai a lectura.

O presidente cede a palabra ó asesor contable Alejandro Lamela para que expoña o Balance Contable que foi enviado ós asembleístas previamente para o seu exame, procédese a facer un resumo do mesmo e solicítase os asembleístas que formulen as oportunas preguntas ou alegacións, non habendo ningunha obxección nin pregunta, procédese á súa votación quedando aprobado por unanimidade.

3.- Orzamentos 2010.

O presidente fai incidencia dentro deste punto ás trabas orzamentarias que imos ter na tempada, explica que a pesares de presentar unha previsión orzamentaria esta pode sufrir modificacións xa que a data de hoxe temos aínda cousas no aire. Especialmente refírese as xestións para a organización da Copa de Europa cuxas negociacións para poñer de acordo as tres institucións non prosperan. Explica que respecto á Secretaría Xeral para o Deporte que en 2009, nos aportara (90.000 €) a través dun convenio, nesta tempada non quixo facerse cargo deste importe e a única solución para aportarnos unha axuda viría a través dun contrato de patrocinio coa Fundación Deporte Galego de 30.000 €+ IVE. Solicítase a autorización para a xestión e negociación dos orzamentos da Copa de Europa coas institucións e a sinatura do antedito contrato de patrocinio publicitario para o evento coa Fundación Deporte Galego. Procédese á votación e por unanimidade se autoriza ó presidente para levar a cabo as xestións.

Cede a palabra a Alejandro Lamela como asesor contable da Federación quen expón os orzamentos e explica as matizacións que xa van reflectidas no documento enviado ó final dos propios orzamentos, incide nos gastos que nos van acarrear as novas altas fiscais solicitadas e o tráfico bancario e expón tamén algúns dos problemas que presentou a Auditoría.

4 Normas de Bo Goberno.

Procédese á lectura do documento enviado previamente para o seu exame, explicando que se axusta á orde da Xunta de Galicia e incidindo nas cantidades económicas para autorizar os diversos procedementos.

Procédese á votación e apróbase por unanimidade.


5.- Nova Normativa Electoral.

O presidente explica ós asistentes que este punto da orde do día, que no seu día se incluíu coa intención de avanzar nos prazos, non é posible falar do proceso electoral xa que a Xunta de Galicia aínda non sacou a orde que o regulará, si ben a última información recibida foi que finalmente non haberá presa xa que iniciando os procesos en 2010, estes poderán rematar en 2011.

6.- Rogos e preguntas

Infórmase ós asistentes respecto ó Biatlón Escolar que finalmente haberá unha proba por provincia e máis a final. As probas locais aboaranse a 450€ e a Final a 750€

Levántase a sesión sendo as 22:00 horas do día 30 de abril de 2010.

A secretaria

Mónica Flores Ferreiro
FEDERACION GALICIA-TRINIDAD

V.B.
O Presidente

Francisco Villanueva González